ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU20018

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: II Curso monográfico A innovación social no sector público

CONVOCATORIA: II curso monográfico A Innovación Social no sector público

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	20
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	C.MONOGRÁFICO	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 16/10/2020 - 08:00h ao 26/10/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este curso ten como obxectivo principal familiarizar o alumnado cos conceptos e procesos básicos da Innovación Social, con especial atención á súa relevancia, aplicación e particularidades no sector público, entendendo por Innovación Social o deseño e posta en práctica de novas solucións (modelos, produtos, servizos e políticas) que permitan responder mellor que coas xa existentes a determinados retos sociais.
A extraordinaria situación provocada nos últimos meses pola pandemia do coronavirus creou incentivos particularmente poderosos para a Innovación Social. Así, a aparición súbita dun conxunto de problemas sociais novos para os cales as solucións existentes non semellaban adecuadas provocou a proliferación de alternativas innovadoras, algunhas máis sutís ca outras. Con fins ilustrativos, o curso utilizará numerosos exemplos extraídos da resposta ante a emerxencia sanitaria do COVID-19 e as súas consecuencias. O foco porase en exemplos centrados no sector público ou vinculados a colaboracións público-privadas.
Por último, cómpre mencionar que o obxectivo principal do curso faise efectivo a través de tres sub-obxectivos complementarios:
- Introducir ao alumnado nos conceptos e procesos básicos da Innovación Social, con particular atención ao contexto do sector público.
- Profundar na comprensión dos citados conceptos mediante o seu uso por parte do alumnado para a análise de estudos de casos prácticos.
- Consolidar o aprendido e comprobar a súa relevancia a través da súa aplicación preliminar a un reto social concreto seleccionado por cada alumno/a, idealmente relacionado co seu traballo.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica e entidades instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia, da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
b) Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán ser cubertas por persoal empregado público pertencente a outras categorías.

PROGRAMA

O curso estará organizado en tres módulos. Os principais temas que se van tratar en cada un serán os seguintes:

• Módulo 1. Introdución ao curso e aos conceptos básicos da innovación social:
– O concepto da innovación social.
– Distintos tipos de innovacións sociais.
– As fases da innovación social:
- Identificando necesidades e problemas: escoita, mapeamentos e diagnósticos.
- Ideando posibles solucións: a cocreación e o codeseño coas persoas usuarias, a innovación aberta e o uso da intelixencia colectiva.
- Probando posibles solucións: probas de concepto, prototipos e pilotos.
- Avaliando novas solucións: estudos con selección aleatoria e outras alternativas.
- Sustentabilidade: mercado, política pública e autoxestión comunitaria.
- Expansión: escalaxe, difusión e réplica.
– A innovación social e a tolerancia ao risco.
– Rompendo barreiras entre organizacións, sectores e disciplinas.
– Estudo de caso 1.

• Módulo 2. A innovación social no sector público:
– A innovación social como unha necesidade para o sector público.
– O sector público como dinamizador de ecosistemas de innovación social.
– Escalando innovacións sociais a través da política pública.
– Innovando en produtos/servizos desde o sector público.
– Innovando en procesos desde o sector público.
– Barreiras á innovación social no sector público.
– Catalizadores da innovación social no sector público.
– A innovación social no sector público e na Unión Europea.
– Estudos de caso 2 e 3.

• Módulo 3. Algúns recursos prácticos:
– Fontes de información sobre innovación social.
– Ferramentas e estratexias de promoción e xestión da innovación social.
– Redes de innovación social.
– Programas da Unión Europea e innovación social.
– Caso práctico sobre reto social seleccionado por cada alumno/a.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de inscrición, e darase preferencia ao persoal indicado no punto 3 da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria.

PARA FORMALIZAR A INSCRICIÓN hai que escoller primeiro a área: Réxime xuridico e actividade financeira; despois seleccionar en nome do curso: II curso monográfico A innovación social...

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 02/11/2020 a 25/11/2020
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
Javier Crespán Hidalgo		